

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 1: Lendarios

Actividade 1

Enunciado: Ponlles o acento gráfico ás palabras que o precisen e completa con elas a táboa.

tonico	xampu	espello	fantasma
misil	taboa	tupida	proximo
torax	patin	xanela	tunel

Agudas	Xampú, patín
Graves	Mísil, tórax, espello, tupida, xanela, fantasma, túnel
Esdrúxulas	Tónico, táboa, próximo

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	A miúdo identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	De cando en vez identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	Non identifica nin acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras xerais de acentuación.

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 2

Enunciado: Pon o acento gráfico nas palabras do texto que o precisen.

A **brétema** era moi espesa, todo estaba moi escuro. O dono do **camión** achegouse con coidado ao **portón** da finca, non quería danar o seu **vehículo** nin o portal. Observou que a manobra que tiña que **realizar** era bastante **difícil**, xa que os troncos **caídos** dunhas vellas arbores dificultaban o avance do transporte. Sen **dúbida**, sería moi **útil** a presenza **dalgúns** axudantes.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	A miúdo identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	De cando en vez identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	Non identifica nin acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica
Sempre le un texto de forma fluída	Con frecuencia le un texto de forma fluída	Ás veces le un texto de forma fluída	Nunca le un texto de forma fluída

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras xerais de acentuación

Le un texto de forma fluída

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 3

Enunciado: Indica por que as palabras destacadas do texto anterior levan ou non acento gráfico.

Vehículo leva acento gráfico porque é esdrúxula. **Realizar** non leva acento gráfico porque é aguda rematada en -r. **Útil** leva acento gráfico porque é grave rematada en -l. **Dalgúns** leva acento gráfico porque é aguda rematada en -ns.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	A miúdo identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	De cando en vez identifica e acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica	Non identifica nin acentúa as palabras segundo a súa sílaba tónica

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras xerais de acentuación

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 4

Enunciado: Completa.

Os lexemas son **unidades invariables**; os morfemas son **variables** e serven para **modificar o significado das palabras ou formar novas**. Poden ser flexivos cando se empregan para **indicar xénero e número, tempo, persoa e modo**, ou **derivativos** os que **forman palabras derivadas a partir da primitiva**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre completa a información dun texto con contidos da unidade.	Case sempre completa a información dun texto con contidos da unidade.	Necesita axuda para completar a información dun texto con contidos da unidade.	Non completa a información dun texto con contidos da unidade.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece os morfemas e lexemas e a súa función

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Actividade 5

Enunciado: Rodea os **lexemas** e subliña os morfemas destas palabras.

desenvolveu
atípico
cantaremos

gatas
inseguridade
tenducha

empanar
leron
mariñeiro

reconto

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica morfemas e lexemas	A miúdo identifica morfemas e lexemas	De cando en vez identifica morfemas e lexemas	Non identifica morfemas e lexemas

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica morfemas e lexemas

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Actividade 6

Enunciado: Marca e indica a clase de morfema que teñen estas palabras.

desemparellar
sobreviviron
recoñecerá
directoras

Derivativos

Flexivos

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre clasifica os morfemas en flexivos e derivativos.	A miúdo clasifica os morfemas en flexivos e derivativos.	De cando en vez clasifica os morfemas en flexivos e derivativos.	Non clasifica os morfemas en flexivos e derivativos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica os morfemas en flexivos e derivativos.

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencia de aprender a aprender

Actividade 7

Enunciado: Que diferenza existe entre un parágrafo e un texto?

Un texto é un conxunto de oracións con sentido a través do que se comunica unha mensaxe e o parágrafo é un conxunto de oracións unidas por punto e seguido. O texto está formado por parágrafos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.	A miúdo diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.	De cando en vez diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.	Non diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencia de aprender a aprender

Actividade 8

Enunciado: Escribe un texto fantástico baseado na ilustración.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe textos con coherencia incluíndo características do relato fantástico.	Con frecuencia escribe textos con coherencia incluíndo características do relato fantástico.	Ás veces escribe textos con coherencia incluíndo características do relato fantástico.	Non escribe textos con coherencia incluíndo características do relato fantástico.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características dos relatos fantásticos

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 9

Enunciado: Escribe tres consellos a ter en conta á hora de contar unha lenda.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre transmite información de xeito adecuado	A miúdo transmite información de xeito adecuado	Ás veces transmite información de xeito adecuado	Non transmite información de xeito adecuado

Estándar de aprendizaxe avaliable

Narra lendas.

Competencias claves

Competencia en comunicación lingüística

Competencias sociais e cívicas

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 10

Enunciado: Define.

Narrativa: arte de contar na que o autor reflicte a forma natural de falar.

Teatro: está escrito en forma dialogada para ser representado.

Poesía: usa o verso e a linguaxe está sometida ao ritmo, medida e rima.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Formula a definicións correcta dos xéneros literarios	Con frecuencia formula a definicións correcta dos xéneros literarios	Ocasionalmente formula a definicións correcta dos xéneros literarios	Non formula a definicións correcta dos xéneros literarios

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece os principais xéneros literarios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 11

Enunciado: Completa a táboa con palabras do texto (cinco de cada).

A tormenta **descargou** con moita forza. Os **lóstregos** iluminaban o ceo. Os compañeiros agardaban dentro da cova arredor dunha fogueira, mentres os vixiantes intentaban calmar aos cabalos troll que estaban **intranquilos** co ruído dos tronos. De vez en cando, Xerón, o elfo, **achegábase** á boca da cova e observaba. Unha mesta cortina de auga tapaba as árbores da fraga. Era **imposible** distinguir nada, nin sequera o círculo de pedras que construíran como protección contra as hordas bárbaras do rei orco.

Agudas	Graves	Esdrúxulas
Resposta libre.		

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre aplica as regras xerais de acentuación	Con frecuencia aplica as regras xerais de acentuación	Ocasionalmente aplica as regras xerais de acentuación	Non aplica as regras xerais de acentuación
Sempre le o texto de forma fluída	Case sempre le o texto de forma fluída	As veces le o texto de forma fluída	Non le o texto de forma fluída

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Coñece e aplica as regras xerais de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 12

Enunciado: Ponlles o acento gráfico ás palabras que o precisen e explica por que o fas ou non.

Tríceps leva acento porque é grave rematada en -ps.

Lapis non leva acento porque é grave acabada en -s.

Téxtiles leva acento porque é esdrúxula.

Mitin non leva acento porque é grave acabada en -n.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre aplica as regras xerais de acentuación	Con frecuencia aplica as regras xerais de acentuación	Ocasionalmente aplica as regras xerais de acentuación	Non aplica as regras xerais de acentuación

Estándar de aprendizaxe avaliable

Aplica as regras xerais de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en aprender a aprender

Actividade 13

Enunciado: Responde.

- Que é un parágrafo?

Un parágrafo é un conxunto de oracións unidas por punto e seguido.

- Cantos parágrafos ten o texto? Cantas oracións hai no primeiro parágrafo?

Dous.

- Escribe a oración do texto co menor número de palabras.

Catro.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.	A miúdo diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.	De cando en vez diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.	Non diferencia texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan. Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en aprender a aprender

Actividade 14

Enunciado: Escribe un novo parágrafo para o texto inicial.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe parágrafos con coherencia	Con frecuencia escribe textos con coherencia	Ocasionalmente escribe textos con coherencia	Non escribe textos coherentes

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica texto, parágrafo, oración e palabra e a información que estes nos achegan.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 15

Enunciado: Que é un morfema?

É unha unidade menor variable que serven para modificar o significado das palabras ou formar novas.

- De que clase poden ser?

Flexivos e derivativos.

- Que diferenza existe entre eles?

Os primeiros úsanse para indicar xénero, número, tempo, persoa e modo. Os outros serven para formar palabras novas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
De xeito habitual, pon por escrito, contidos da unidade	Con frecuencia pon por escrito, contidos da unidade literarios	Ocasionalmente pon por escrito, contidos da unidade literarios	Non pon por escrito, contidos da unidade

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica morfemas e lexemas

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 16

Enunciado: Descompón en lexemas e morfemas as palabras destacadas do texto e indica de que clase son estes últimos.

Descargou: des (morfema derivativo), carg (lexema), ou (morfema flexivo); Lóstregos: lóstreg (lexema), os (morfema flexivo); Intranquilos: in (morfema derivativo), tranquil (lexema), os (morfema flexivo). Imposible: im (morfema derivativo), posible (lexema).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
En todo momento, identifica os morfemas que forman unha palabra e os clasifica en flexivos e derivativos	Con frecuencia identifica os morfemas que forman unha palabra e os clasifica en flexivos e derivativos	Ocasionalmente identifica os morfemas que forman unha palabra e os clasifica en flexivos e derivativos	Non identifica os morfemas que forman unha palabra nin os clasifica en flexivos e derivativos

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica os morfemas en flexivos e derivativos.

Competencias clave

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia no sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

Actividade 17

Enunciado: Dentro de que xénero literario se clasifica o texto anterior? Por que?

Narrativa. Porque está escrito en prosa e o autor reflicte a maneira natural de falar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
En todo momento, reconece o xénero literario ao que pertence un texto	Con frecuencia reconece o xénero literario ao que pertence un texto	Ocasionalmente reconece o xénero literario ao que pertence un texto	Non reconece o xénero literario ao que pertence un texto

Estándar de aprendizaxe avaliable

Reconece os principais xéneros literarios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

Actividade 18

Enunciado: Escribe as características dos seguintes xéneros literarios.

Teatro: está escrito en forma dialogada para ser representado. Os personaxes, a través dos seus diálogos, van contando a historia.

Poesía: usa o verso como recurso. A linguaxe que utiliza está sometida a regras de ritmo, medida e rima.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Formula a definicións correcta dos xéneros literarios	Con frecuencia formula a definicións correcta dos xéneros literarios	Ocasionalmente formula a definicións correcta dos xéneros literarios	Non formula a definicións correcta dos xéneros literarios

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece os principais xéneros literarios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 19

Enunciado: Podería formar parte o texto dun relato fantástico?

Si.

- Que características teñen este tipo de relatos?

É unha narración que pon en xogo a imaxinación para crear mundos orixinais e distintos ao que coñecemos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece todas as características dos relatos fantásticos	Coñece a maioría das características dos relatos fantásticos	Coñece algunhas das características dos relatos fantásticos	Non coñece as características dos relatos fantásticos

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica as características dos relatos fantásticos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

Actividade 20

Enunciado: Que deberías facer se o texto fose unha lenda e o quixeses contar?

Aprendela, pór énfase segundo o contado, usar as pausas e facer acenos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre transmite información de xeito adecuado.	Con frecuencia transmite información de xeito adecuado.	Ocasionalmente transmite información de xeito adecuado.	Non transmite información de xeito adecuado.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Narra lendas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas